


# **PROXECTO DE DIRECCIÓN**



Centro: **I.E.S. POETA DÍAZ CASTRO**

Candidato: **JULIO JOSÉ GONZÁLEZ IGLESIAS**

## INDICE

<b>1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....</b>	<b>1</b>
1.1. <i>Presentación, xustificación persoal do proxecto. ....</i>	<i>1</i>
<i>A misión .....</i>	<i>3</i>
<i>A visión .....</i>	<i>3</i>
<i>Os valores .....</i>	<i>4</i>
1.2. <i>Fundamentación, análise diagnóstica do proxecto. ....</i>	<i>4</i>
<i>Análise DAFO .....</i>	<i>5</i>
<b>2. OBXECTIVOS.....</b>	<b>6</b>
2.1. <i>Áreas de mellora.....</i>	<i>6</i>
<i>O mundo.....</i>	<i>6</i>
<i>As persoas.....</i>	<i>6</i>
<i>O traballo... ..</i>	<i>6</i>
<i>O futuro... ..</i>	<i>6</i>
2.2. <i>Obxectivos Xerais .....</i>	<i>7</i>
<b>3. PLANS E LIÑAS DE ACTUACIÓN .....</b>	<b>8</b>
3.1. <i>Recursos e organización do centro .....</i>	<i>14</i>
<b>4. AVALIACIÓN DO PROXECTO .....</b>	<b>17</b>

## 1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

### 1.1. Presentación, xustificación persoal do proxecto.

A elaboración deste proxecto responde ás orientacións dos profesionais do curso de Dirección de Centros para esta edición 2022/23, atendendo ás características que determina o Real Decreto 894/2014, o Decreto 222/2022, do 7 de decembro e, previsiblemente, a convocatoria do 2023 para Galicia no que á selección e nomeamento das direccións dos centros docentes.

Neste sentido, quero expresar a intención persoal de presentar este **Proxecto de Dirección como unha proposta de equipo**, onde eu asumo a responsabilidade de dirección, pero entendendo que a dirección dun centro supón subir un chanzo máis na escala de responsabilidades, que de todos os xeitos asumimos cada un dos membros do claustro como educadores, xa sexa como titor ou titora, xefe/a de departamento, xefe/a de estudos ou director/a.

O labor deste equipo está mediatizado por un compromiso coa formación dos integrantes que persegue que, entre todos, consigamos cubrir o abano de calidades que son precisas para a dirección dun grupo humano que persegue fins comúns a medio e longo prazo:




Figura 1: Calidades perseguidas polo Equipo Directivo do IES POETA DÍAZ CASTRO

Para a asunción do compromiso que entendemos necesario para levar a cabo as liñas que se propoñen nas páxinas que se presentan, debemos recordar os procesos de formación dos integrantes do equipo en todas as competencias profesionais e de liderado educativo que se aseguran despois de participar:

- no curso de Actualización para o Desempeño da Función Directiva (un integrante)
- no curso de Formación Continua de Dirección (un integrante)
- no curso de Formación Continua de Xefes e Xefas de Estudos (dous integrantes)
- no curso de Formación Continua de Secretarios (dous integrantes)

aparte de todos os que, a nivel persoal e/ou de equipo, resultan de interese para a asunción desta aventura e que nos fan candidatos idóneos desde a Competencia “*Membro dunha organización*” recollida no *Modelo Competencial da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* de Galicia, especialmente nas subcompetencias de:

- Orientación pedagóxica, académica e profesional.
- Organización, planificación e coordinación.
- Xestión administrativa de centro e calidade.
- Cooperación, colaboración e construción conxunta de coñecemento.

Propoñemos, neste proxecto, unha labor de continuidade coa dinámica establecida nos últimos anos, seguindo co perfil innovador e integrador.

É parte moi importante do noso proxecto que a execución das tomas de decisión se produza nun clima agradable e de bo compañeirismo que permita ao noso alumnado desenvolverse plenamente, vir ó instituto con motivación e que o profesorado sinta que o ambiente que o rodea é propicio á cooperación e ao diálogo e á xusta valoración da súa dedicación. As razóns que nos levan a presentar esta proposta están artelladas en torno a tres piares relacionados:




Figura 2: Misión, visión e valores de Dirección do IES POETA DÍAZ CASTRO

En definitiva, os **motivos polos que presento este proxecto** como cabeza visible dun equipo de traballo pódense concretar nos seguintes:

- A boa acollida e disposición da Comunidade Educativa nestes últimos meses ante a circunstancia de provisionalidade do actual Equipo Directivo.
- A preocupación e o interese polo bo funcionamento do Centro, na conciencia da necesidade de defensa dunha Escola Pública de calidade.
- A ilusión por participar na dinamización dun Centro onde a formación das persoas se entenda como formación integral nos principios democráticos, é dicir, que garanta a formación de cidadáns libres, críticos e emocionalmente fortes.
- O desexo de contribuír a unha dinamización da práctica docente adaptada ás necesidades dunha sociedade do coñecemento, que cambia constantemente á par das innovacións tecnolóxicas e que require dun traballo individual e colectivo do profesorado non sempre motivado, apoiado ou valorado.
- A aposta por unha educación atenta á diversidade do alumnado. Logo das experiencias levadas a cabo no centro nos últimos cursos e que tantos éxitos, recoñecementos e recursos ten aportado.
- A convicción de que a labor educativa esixe o máximo aproveitamento dos recursos materiais dispoñibles no centro, a ampliación de servizos e actividades que complementen a formación do noso alumnado e favorezan a conciliación entre escola e familias. Así como a colaboración cos Concellos e outras institucións do entorno.

#### *A misión*

O noso centro educativo é un Instituto de Educación Secundaria que se compromete coa defensa da Escola Pública e da lingua galega como vehículo da cultura, tradición e patrimonio, o que supón potenciar unha escola:

- Non dependente de intereses privados.
- Defensora da liberdade de cátedra, entendendo por tal o dereito dos ensinantes a expoñer, sen adoutrinamento, proselitismo ou sectarismo, o seu enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto á Constitución, ás normas legalmente establecidas e ás opinións discrepantes.
- Participativa e democrática.
- Unha escola que se relacione co seu entorno e promova valores como a solidariedade, a non discriminación e o respecto polo medio que nos rodea. Consciente de que a formación do alumnado revirte directamente no benestar da comarca onde se atopa.
- Unha escola na que as relacións entre os diversos compoñentes estean presididas polo diálogo, a tolerancia e a disciplina.

#### *A visión*

Neste apartado facemos referencia ás metas que perseguimos: a formación integral do noso alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa, en relación:

- Coa visión humanista da educación, procurando que sexa crítica, solidaria, respectuosa e participativa.

- Coa necesidade dunha boa xestión emocional que nos faga persoas fortes, asertivas, capaces e resolutivas ante as situacións que a vida cotiá poda presentar.
- Co máximo aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro, a ampliación de servizos e actividades que complementen a formación do noso alumnado e favorezan a conciliación entre escola e familias, así como a colaboración cos Concellos e outras institucións da contorna, no labor transformador da escola na sociedade en que se enclava.

#### *Os valores*

Así mesmo este **Proxecto de Dirección** leva implícitos uns principios que han de servir para non afastarnos do camiño trazado. Entre estes principios e valores, destacamos:

- O obxectivo primeiro e fundamental da tarefa educativa é o de proporcionar aos mozos dun e doutro sexo, unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma.
- Favorecer o rendemento escolar do alumnado, atendendo á diversidade e buscando así a compensación das desigualdades sociais, territoriais e económicas, e sempre no convencemento, como manifesta a *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (LOMLOE), de que “*unha boa educación é a maior riqueza e o principal recurso dun país e dos seus cidadáns e cidadás*”.
- A creación dun espazo físico que axude na aprendizaxe, pero tamén no saber e querer estar, que mellore a calidade das horas de estadía dos habitantes do centro educativo, no que as Tecnoloxías da Aprendizaxe e o Coñecemento (TAC) teñan unha presenza importante que favoreza a incorporación das nosas alumnas e alumnos ás liñas de traballo STEM.
- A potenciación de novos itinerarios formativos para o alumnado, coa intención de que todos os alumnos ea alumnas acaden a súa excelencia.
- A aposta por estimular a práctica docente, adaptándoa aos requirimentos da actual sociedade do coñecemento, que cambia constantemente á par das innovacións tecnolóxicas, precisando dun traballo individual e colectivo do profesorado (non sempre motivado, apoiado ou valorado).
- O esforzo por un ensino innovador que optimice o labor docente e a aprendizaxe dos implicados, no que haxa unha vertente internacionalizadora que abra oportunidades ao persoal docente, non docente e discente.
- A necesidade de crear canles participativas para todos os sectores da comunidade educativa, de xeito que se reflectan os intereses, esforzos e logros de todos no ben común.
- A consecución dun clima de centro con normas consensuadas de convivencia que se convertan en modos de vida dentro e fóra do contexto académico.

#### **1.2. Fundamentación, análise diagnóstica do proxecto.**

O noso centro abre as súas portas en 1989 e, dende 1990 presta os seus servizos educativos de titularidade pública na rúa Xermade, na propia vila de Guitiriz. Actualmente conta con **31** profesores e profesoras que atenden a

194 alumnos e alumnas, na súa maioría alumnado transportado. Contamos con dúas liñas de E.S.O. e Bacharelato, e dous ciclos de Formación Profesional (Básica e ciclo Medio) de Fabricación e Montaxe (Soldadura), que atende ás necesidades de alumnado que atopa nesta vía un futuro de calidade adaptado ás súas características e metas vitais. Contamos tamén con dúas conserxes, unha auxiliar administrativa e tres traballadoras do persoal de limpeza, das cales unha desenvolve a súa xornada de xeito parcial. Recibimos tamén cada ano un/ha Auxiliar de Conversa, que compartimos co C.E.I.P. Santo Estevo de Parga.

Entendemos que a perda continuada de alumnado, parella en todas as comarcas do ámbito rural da provincia de Lugo, propiciou cambios e evolucións na práctica docente nos últimos cursos, o que permite unha variada atención á diversidade e unha implicación do Claustro de profesorado e numerosas actividades e programas de Innovación Educativa e de intercambio internacional.

O I.E.S. Poeta Díaz Castro participa en proxectos de innovación cada curso, acadando un recoñecemento autonómico, estatal e internacional, recibindo, por tanto, a motivación e os recursos necesarios para desenvolver un ensino de calidade contextualizado na contorna e pendente do seu desenvolvemento socioeconómico.

#### *Análise DAFO*

Coñecido o centro, cómpre facer unha análise do mesmo, a través dunha análise DAFO, na que salientar as oportunidades e ameazas, dende unha perspectiva externa, e as fortalezas e debilidades, nunha perspectiva interna. A partir desta análise, fundamentaranse as liñas de actuación propostas:

<b>FORTALEZAS</b>	<b>DEBILIDADES</b>
<p>F1- Experiencia de traballo colaborativo entre o profesorado.</p> <p>F2- Aprendizaxe integrada na experiencia e na contorna.</p> <p>F3- Recoñecemento exterior dos esforzos pedagóxicos.</p> <p>F4- Boa relación coa contorna.</p> <p>F5- Sentir a <i>excelencia</i> das persoas da comunidade educativa como motor de traballo.</p> <p>F6- Plantilla con destino definitivo maioritariamente.</p>	<p>D1- Reorganización dos proxectos educativos: cambio de metodoloxías.</p> <p>D2- Dificultades académicas, psicolóxicas e sociais derivadas da pandemia.</p> <p>D3- Baixas matrícula e demanda para cursar estudos de F.P.</p> <p>D4- Diminución de recursos materiais e culturais na zona rural, especialmente recursos de conectividade.</p> <p>D5- Renovación de gran parte do profesorado nos últimos cursos.</p> <p>D6- Baixas expectativas de futuro por parte do alumnado.</p>
<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<p>O1- Participación activa en proxectos innovadores que reverten en recursos para o centro.</p> <p>O2- Internacionalización e transferibilidade dos proxectos: redes de centros.</p> <p>O3- Crecemento da poboación rural, logo da pandemia.</p> <p>O4- Nova Lei Educativa (LOMLOE) con principios de atención á diversidade fundamentados nas destrezas lingüísticas e investigadoras, e que orienta a avaliación cara ás competencias.</p>	<p>A1- Fenda social e dixital.</p> <p>A2- Illamento social na Galiza baleirada.</p> <p>A3- Falta de asociacionismo na contorna: falta de participación das familias (ausencia de ANPA).</p> <p>A4- Modelos sociais baseados en “ter” e non en “ser”.</p> <p>A5- Redes sociais como instrumento de relación co mundo.</p> <p>A6- Sociedade individualista que valora a competitividade.</p> <p>A7- Hipervaloración dos fins por enriba dos medios.</p>

## 2. OBXECTIVOS

### 2.1. Áreas de mellora

As áreas de mellora derivadas da análise do centro, fan pensar en estratexias de traballo que optimicen aspectos relacionados con:

#### *O mundo...*

A actualidade vén marcada por unha situación de pandemia que ten deixado unha fenda entre as persoas que poden acceder á información e, polo tanto, ao seu compromiso formativo e os que viven con dificultade este acceso (especialmente por problemas de conectividade da zona rural).

Os confinamentos derivados desta situación deixaron, tamén, unha pegada silenciosa no xeito en que cada neno e nena desenvolveron o seu desempeño curricular e, tan importante como isto, na súa vida social e emocional.

#### *As persoas...*

A zona en que nos asentamos, como comunidade, caracterízase por un baixo asociacionismo que, indefectiblemente, marca a participación coa que contamos como centro educativo, desde o alumnado ás familias.

Durante os dous últimos cursos produciuse unha importante renovación do profesorado que deixou as liñas de traballo estables do centro un pouco orfas. Este proceso natural pode, sen dúbida, ser unha oportunidade para innovar, pero non parece que fora a curto prazo.

No mesmo intervalo temporal, produciuse un cambio nas relacións sociais de base, nas que, por causa da pandemia, gañaron un espazo, menos natural: as redes sociais o que require unha competencia dixital nun público, cada vez, de menor idade e con menores ferramentas no seu uso.

#### *O traballo...*

Fanse precisas novas metodoloxías para enfrontarse a un mundo que variou moito en vinte catro meses. A actividade, interacción e colaboración son unha necesidade que vai máis alá do curricular e que precisa dun compromiso do profesorado manifestado en traballos por proxectos, menos próximos da transmisión de información.

Igualmente, é necesario o compromiso coa recuperación de recursos (materiais, humanos, culturais) que a zona rural vai vendo desaparecer coa mesma velocidade coa que diminuíu a poboación.

Para que xere o efecto buscado, o claustro debe atopar criterios e liñas metodolóxicas claras, que sexan identitarias do centro en que traballan e que, polo tanto, aparezan recollidas nos documentos institucionais que nos definen e guían.

#### *O futuro...*

Sempre vinculado coa preocupación polo mantemento da matrícula e o baixo interese que, nos últimos anos, espertou a Formación Profesional Básica, parece que se aproxima a un punto de inflexión que debemos aproveitar, en especial porque precisamos dar pulo á corrente innovadora que soñamos coa LOMLOE, en aparencia, menos segregadora do alumnado que non pode chegar ata o fin polo itinerario marcado como preferente.

Todas elas quedan expostas no punto 3, organizadas en torno a tres dimensións: a executiva, a educativo-pedagóxica e a de representación do centro, para clasificar os obxectivos programados.

## 2.2. Obxectivos Xerais

Entendemos que o Consello Escolar e o Claustro do profesorado son os órganos colexiados que deben establecer as liñas de actuación do centro. Como consecuencia, o Equipo Directivo traballará para levar a cabo as directrices fixadas polos órganos colexiados de dirección do Centro. Como equipo, debemos conseguir mobilizar as enerxías de todos os compoñentes do Centro para lograr a participación eficaz e construtiva na realización dos obxectivos do mesmo. Tamén somos conscientes que o nivel de obxectivos propostos están na idea de continuar o traballo que nos precede, sentímonos orgullosos das capacidades e actividades do noso Centro, o que nos leva a seguir incidindo na liña de actuación iniciada.

Os obxectivos que, en diante, explicaremos, pretenden aglutinar a planificación, coordinación, información e decisión sobre todos os aspectos educativos do centro.

Posto que a eficacia dun centro está en función do grao de comprensión e aceptación dos obxectivos por parte de todos os colectivos que o integran, a organización do centro estará, polo tanto, baseada na participación e corresponsabilidade de todos os estamentos da comunidade educativa, para evitar a rutina, apatía e desinterese. Necesariamente, se a todos os estamentos do centro se lles vai pedir corresponsabilidade, estes teñen que gozar de plena liberdade para desenvolver todas as súas iniciativas creadoras. Este propósito de actuación é o eixo que queremos que marque o papel desta dirección, respectando, valorando, posibilitando e liderando toda iniciativa presentada por calquera dos estamentos do centro.

Tendo todo o anterior presente, de seguido presentamos un listado de obxectivos para os próximos 4 anos que se inclúen, xunto cos plans de actuación que os desenvolven, no apartado 3 (Ver *Táboa 1*).



### 3. PLANS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

Táboa 1:

Descrición das liñas de actuación por obxectivo.

<b>Obxectivo 1: Revisión da documentación do centro e actualización en relación á LOMLOE.</b>			<b>DIMENSIÓN EXECUTIVA</b>
<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>
Reorganizar o Proxecto Educativo de Centro en atención ás novidades da LOMLOE.	Comisión de profesorado.	2023/2024 e seguintes	D1 – D2 O4 - O5 – O6 A2
Crear un Plan de Comunicación do centro.			
Eliminar calquera estereotipo sexista no centro e a súa documentación.			
Garantir a igualdade de oportunidades do alumnado do centro.			
Difundir e facer cumprir o Plan Dixital do centro (elaboración curso 21-22).	Comunidade educativa.		ESTRATEGIAS ADAPTATIVAS
Manter o galego como lingua oficial do centro e vehicular das aprendizaxes, desenvolvendo un programa de dinamización da lingua de calidade.	Comunidade educativa. ENDL.		
<b>Obxectivo 2: Optimización das infraestruturas e recursos do centro, tanto en mantemento como en mellora e aproveitamento.</b>			<b>DIMENSIÓN EXECUTIVA</b>
<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>
Garantir o mantemento do centro en todos os aspectos: edificacións, equipamentos informáticos, outro tipo de equipamentos (laboratorios, audiovisuais, biblioteca, edición audiovisual, etc.).	Equipo directivo. Comisión económica.	Todos os cursos	D1 – D2 – D4 F3 O1
Garantir a participación no programa E-Dixgal en toda a etapa da E.S.O. e potenciar o uso dos equipos informáticos do centro a todo o alumnado.	Equipo directivo e docente.		
Apoiar o traballo do responsable E-Dixgal como un recurso para manter e mellorar a conectividade e aproveitamento dos recursos informáticos.	Equipo directivo.		
Garantir o desenvolvemento do Plan Dixital.	Equipo directivo e docente.	2023/2024	ESTRATEGIAS ADAPTATIVAS E OFENSIVAS
Dotar o centro do equipamento preciso para a docencia telemática e a celebración de actividades en liña.	Equipo directivo. Comisión económica.		
<b>Obxectivo 3: Potenciación dun clima de convivencia positivo e do benestar emocional na Comunidade Educativa e establecemento de relacións horizontais entre as persoas e órganos de goberno.</b>			<b>DIMENSIÓN EXECUTIVA</b>
<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>

Facilitar o desenvolvemento das liñas de acción da Comisión de Convivencia	Equipo directivo. Comisión de convivencia.	Todos os cursos	D2 – D4 A2 – A5 – A6 – A7 F1 – F5 O2  ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Desenvolver a figura do Delegado de grupo como un recurso para a participación democrática e para a resolución de conflitos.	Equipo directivo. Comisión de convivencia. Xunta de delegados.	2023/2024	
Implantar o equipo de mediadores que actúe como primeiro nivel para a resolución de conflitos, e continuidade na súa formación (iniciada no curso 2022/2023).	Equipo directivo. Comisión de convivencia. Departamento de orientación. Profesorado e alumnado implicados.	2023/2024 e posteriores	
<b>Obxectivo 4: Perseguir a participación de todos os colectivos da Comunidade Educativa a través das canles formais establecidas e das informais que se fagan precisas.</b>			<b>DIMENSIÓN EXECUTIVA</b>
<b><i>Liñas de actuación</i></b>	<b><i>Responsables</i></b>	<b><i>Temporalización</i></b>	<b><i>Análise DAFO</i></b>
Mellorar a coordinación entre os Departamentos Didácticos, procurando que se traballen obxectivos comúns por niveis, especialmente nos proxectos interdisciplinares da E.S.O.	Equipo directivo. Comisión de Coordinación Pedagóxica.	Todos os cursos	D5 A1 – A4 F1 – F4 – F5 – F6 O1 – O2 ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Potenciar a figura do titor como enlace entre o alumnado, as familias, os docentes e o propio centro.	Equipo tutorial. Departamento de Orientación.		
<b>Obxectivo 5: Participar da escoita activa de todos os integrantes da Comunidade Educativa, de cara a asumir críticas construtivas e propostas innovadoras, creando equipos.</b>			<b>DIMENSIÓN EXECUTIVA</b>
<b><i>Liñas de actuación</i></b>	<b><i>Responsables</i></b>	<b><i>Temporalización</i></b>	<b><i>Análise DAFO</i></b>
Creación de Comisións Mixtas de Co-xestión	Profesorado, alumnado, familias.	2023/2024 e seguintes	D1 A4 – F3 – F4 – F5 O1 ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Facilitar, no horario académico, as xuntanzas de delegados, equipos de mediación e comisións con alumnado representante.	Profesorado, alumnado.		
<b>Obxectivo 6: Crear espazos amables que optimicen o bo clima para o traballo e a socialización.</b>			<b>DIMENSIÓN EXECUTIVA</b>
<b><i>Liñas de actuación</i></b>	<b><i>Responsables</i></b>	<b><i>Temporalización</i></b>	<b><i>Análise DAFO</i></b>

Creación de espazos para a conversa e o traballo colaborativo.	Equipo directivo. Comisión económica. Departamento de Orientación. Comunidade Educativa. Equipo de Biblioteca. Responsable Polos Creativos.	2023/2024 e seguintes	D1 A4 F3 – F4 – F5 O1 ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS	
Creación dun patio dinámico, con actividades para a socialización.				
Mantemento e optimización da Biblioteca Dinámica.				
Desenvolvemento do programa Polos Creativos, e creación de espazos Maker.				
<b>Obxectivo 7: Ofrecer unha actividade docente de calidade, innovadora e comprometida coas necesidades da sociedade do século XXI e da contorna, estendéndoa para alén das aulas.</b>			<b>DIMENSIÓN PEDAGÓXICO-EDUCATIVA</b>	
<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>	
Facilitar a participación e o desenvolvemento de Contratos Programa en diferentes accións, especialmente nas liñas CPIInclúe e CPIInnova.	Equipo Docente. Coordinador/es. Consello Escolar.	Todos os cursos	D1 – D2 – D3 A1 – A2 – A3 F1 – F2 – F3 – F5 O1 – O2 – O4  ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS	
Facilitar a participación en liñas de traballo do Plan Proxecta.	Equipo docente implicado. Consello Escolar.			
Promover a Sección Bilingüe en inglés de Plástica e EF e potenciar a creación dalgunha outra (Portugués).				
Desenvolver proxectos internacionais: Erasmus+ e eTwinning	Equipo docente. Equipo directivo. Consello Escolar.			
Garantir un traballo telemático de calidade a través dun horario espello e do uso de aulas virtuais e plataformas colaborativas, cando proceda.	Equipo docente. Xefatura de Estudos.			
Potenciar as saídas didácticas como unha situación de aprendizaxe contextualizada así como un medio compensador da menor estimulación cultural dalgunha familia	Profesorado implicado. Familias. Representantes do alumnado. Consello Escolar			
Desenvolver actividades inclusivas en xeral e coeducativas en particular, tamén, durante os leceres.	Comisión de convivencia. Profesorado implicado.			2023/2024 e seguintes
Solicitar á Consellería a creación de programas de formación de adultos en desemprego no taller de soldadura do centro.	Equipo directivo			2023/2024
<b>Obxectivo 8: Crear unha escola sen prexuízos, igualitaria e inclusiva.</b>			<b>DIMENSIÓN PEDAGÓXICO-EDUCATIVA</b>	

<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>
Potenciar a formación entre iguais.	Profesorado e alumnado.	Todos os cursos	D1 – D2 – D3 –D4 A1 – A3 F1 – F5  ESTRATEGIAS OFENSIVAS E DEFENSIVAS
Coñecer a situación da comunidade educativa nas relacións entre homes e mulleres, potenciar a igualdade e organizar campañas de visibilización e concienciación da situación das mulleres.	Equipo directivo. Comunidade Educativa.	2023/2024 Todos os cursos	
Favorecer a igualdade na organización do centro, potenciando unha representación mulleres/homes paritaria.			
Comprometer ás familias na educación non sexista: sesións para familias, difusión de traballos, participación en liñas de acción...			
Desenvolver un Plan de Acción Titorial comprometido co desenvolvemento integral do alumnado.	Depto. de Orientación. Equipo de titores/as.	2023/2024 Adaptación en cada curso	
Organizar e manter a Tutoría de Pendentes.			
Desenvolver un Programa de Reforzos educativos que favorezan a personalización da educación (con ACI en situacións extraordinarias) e persigan a dobre docencia en aula e os desdobramentos de alumnos.	Depto. de Orientación. Equipo docente.	Todos os cursos (de ser preciso)	
Garantir unha oferta de optatividade que ofrezca o mellor abano de posibilidades ao alumnado.	Depto. de Orientación. Equipo directivo.		
Dotar ao alumnado exento da segunda lingua estranxeira dunha oportunidade formativa na competencia lingüística de calidade, compensatoria das súas dificultades de partida.	Depto. de Orientación. Equipo docente.		
Manter a creación de grupos PDC, cando o alumnado o precise, e fortalecer a Formación Profesional como unha saída de futuro para a rapazada do concello e a contorna,	Depto. de Orientación. Equipo directivo.		
Revisar e desenvolver o Plan de Acollida, garantindo un acceso ás persoas que favoreza a situación emocional e académica do alumno/a e a aprendizaxe dunha lingua, se procede. Igualmente, para o profesorado.	Depto. de Orientación. Comisión de Convivencia.		
<b>Obxectivo 9: Comprometese coa formación permanente do profesorado a través de diferentes formatos conducentes á creación dun equipo docente colaborador co Proxecto Educativo de Centro</b>			<b>DIMENSIÓN PEDAGÓXICO-EDUCATIVA</b>
<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>
Desenvolver liñas de formación permanente do profesorado (PFPP) bianuais para comprometerse con obxectivos comúns de centro.	Equipo docente. Coordinador da Formación.	2023-2025 2025 – 2027	D1 – D5 A1
Organizar periodicamente sesións de formación en cascada por parte do profesorado do centro.		Cada setembro	F1 – F3 – F5 O1 – O2

Potenciar e favorecer a formación específica de profesorado de Biblioteca, de Erasmus+ e das Seccións Bilingües.		Según convocatoria	ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Desenvolver actividades formativas para o profesorado de cara a mellorar o ensino telemático e mixto.		Actualizacións anuais	
<b>Obxectivo 10: Impulsar unha Biblioteca Dinámica, centro neuráxico da actividade informativa, formativa e de lecer do centro</b>			<b>DIMENSIÓN PEDAGÓXICO-EDUCATIVA</b>
<b>Liñas de actuación</b>	<b>Responsables</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Análise DAFO</b>
Manter a participación en PLAMBE.	Equipo directivo. Equipo de Biblioteca. Equipo docente.	Todos os cursos	D1 – D2 – D4 A1 – A3 – A4 F1 – F2 O1 – O2 – O4 ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Manter as liñas de traballo Lectura para aprender e Lectura para gozar.			
Organizar sesións de formación de usuarios de biblioteca.			
Comprometer a Biblioteca no desenvolvemento dos proxectos interdisciplinarios de 1º a 4º de ESO, así como nos Proxectos Europeos.			
Facilitar o traballo do equipo de biblioteca			
<b>Obxectivo 11: Establecer relacións estables coas institucións para lograr unha mellor e máis contextualizada atención á comunidade.</b>			<b>DIMENSIÓN DE REPRESENTACIÓN</b>
<b>Liñas de actuación</b>	<b>Responsables</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Análise DAFO</b>
Establecer co Concello unha relación cordial para utilizar os recursos do centro: pistas, ximnasio... e conversar sobre a posibilidade de abrir a Biblioteca en horario non lectivo, como un recurso para a comunidade.	Equipo directivo.	Todos os cursos	D1- D3 – D4 A1 – A2 – A3 F1 – F4 – F5 O1 – O2 – O3 – O4  ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Desenvolver a web do centro como un espazo de transferibilidade dos proxectos desenvolvidos, de cara a establecer redes de centros colaborativas.	Profesor/a encargado ou Empresa de desenvolvemento web.		
Establecer relacións de colaboración cos centros de educación primaria adscritos, especialmente a través do Programa Ponte, de acollida.	Equipo directivo. Depto. de Orientación.		
Mellorar as relacións co tecido empresarial da contorna, de cara a ofertar no centro as aprendizaxes necesarias para que o alumnado poida acceder ao emprego.	Equipo directivo. Profesorado de FPBásica. Depto. de Orientación.		
Manter unha relación de colaboración cos medios informativos como canle de difusión do labor do centro.	Equipo directivo.		
Valorar e aproveitar os coñecementos do Equipo Docente que sexan reclamados por institucións.	Equipo directivo e docente.		

<b>Obxectivo 12: Potenciar a figura de José M<sup>a</sup>. Díaz Castro.</b>			<b>DIMENSIÓN DE REPRESENTACIÓN</b>
<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>
Manter e actualizar o proxecto dos Roteiros de Díaz Castro.	Equipo directivo. Equipo docente. As. C. Xermolos Concello de Guitiriz Comunidade educativa	Todos os cursos	D1 – D5 A4 F1 – F2 – F4 – F5 O1 – O2 – O4 ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Colaborar coa Asociación Cultural Xermolos na difusión da cultura da zona.			
Ser centro de recursos para o coñecemento da figura do autor.			
<b>Obxectivo 13: Establecer relacións estables coas familias de cara a lograr o cumprimento de obxectivos comúns na educación dos seus fillos e fillas.</b>			<b>DIMENSIÓN DE REPRESENTACIÓN</b>
<i>Liñas de actuación</i>	<i>Responsables</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Análise DAFO</i>
Xeneralizar a comunicación fluída a través da plataforma ABALAR e promover a celebración de reunións frecuentes coas familias.	Titores. Equipo docente.	Todos os cursos	D4 A2 – A3 F3 – F4 – F5 O1 – O2 – O4 ESTRATEGIAS OFENSIVAS, DEFENSIVAS E ADAPTATIVAS
Difundir entre as familias os resultados e os produtos finais dos proxectos educativos desenvolvidos.	Equipo directivo Consello Escolar		
Publicitar entre as familias os recursos aos que poden acceder e que están á súa disposición dende o centro.	Equipo directivo. Depto. de Orientación. Consello Escolar		
Apoiar e promover a creación da Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as como ferramenta insustituible de participación das familias na vida do centro.	Equipo directivo. Consello Escolar.		

3.1. Recursos e organización do centro

Táboa 2:

Descrición dos recursos a empregar por obxectivo.

Liñas de actuación do Obxectivo 1			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Comisións de profesorado	Documentos de centro elaborados		Consello Escolar cando proceda
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
			Liñas de formación específica
Liñas de actuación do Obxectivo 2			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Comisión económica	Orzamento	Partidas orzamentarias	Achegas institucionais
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
Participación en Edixgal, Bibliotecas Dinámicas...	Horario con redución para o responsable TIC	Mantemento actualizado das instalacións Ordenadores portátiles para posibles préstamos	Liñas de formación específica
Liñas de actuación do Obxectivo 3			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Comisión de Convivencia	Plan de Convivencia	Orzamento aprobado	Canles de colaboración e actuacións conxuntas
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
Contrato Programa: CPIInclúe, CPIInnova	Creación de momentos e espazos para a convivencia		Formación profesorado
Liñas de actuación do Obxectivo 4			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Equipo docente	Plan de Acción Titorial	Orzamento aprobado	Consello Escolar Concello Outras institucións
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
Programas educativos e proxectos de centro	Reunións deliberativas coa representación dos axentes educativos		Formación profesorado
Liñas de actuación do Obxectivo 5			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Comunidade Educativa	Proxecto Educativo		Canles de colaboración e actuacións conxuntas. Consello Escolar
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
	Creación de momentos e espazos para a convivencia		
Liñas de actuación do Obxectivo 6			Recursos

<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Equipo docente implicado Observatorio de Convivencia	Orzamento	Dotación específica Contratos Programa ou outros.	Canles de colaboración e actuacións conxuntas. Consello Escolar
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
Contratos Programa: Convive, InclueTe. Bibliotecas Dinámicas, Espazo Maker, Polos Creativos Proxecto de formación: Patios Inclusivos.	Biblioteca dotada como espazo multidisciplinar e de uso dinámico	Edificio e recinto	Formación do profesorado
<i>Liñas de actuación do Obxectivo 7</i>			<i>Recursos</i>
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Equipo docente Comunidade Educativa	Programa anual de Actividades Complementarias e Extraescolares	Partida orzamentaria Dotacións específicas Programas de Innovación	Colaboración coa veciñanza, Asociación Xermolos e o Concello.
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
Desenvolvemento dos Roteiros	Aulas dotadas para a docencia mixta e virtual	Taller de Soldadura.	Formación do profesorado
<i>Liñas de actuación do Obxectivo 8</i>			<i>Recursos</i>
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Equipo docente Comunidade educativa Observatorio de Convivencia Departamento de Orientación	Plan de Acción Titorial Plan de Atención á Diversidade Plan de Acollida	Dotación por participación en Programas de Innovación Dotacións para os departamentos	Canles de participación coas institucións.
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
Contrato Programa: InclueT, Convive, IgualaT Proxectos educativos	Formación Grupos de Alumnado logo da análise pormenorizada Optatividade ofertada en relación á demanda e ao profesorado dispoñible		Formación do profesorado
<i>Liñas de actuación do Obxectivo 9</i>			<i>Recursos</i>
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Claustro de profesores.	Proxecto de Formación Permanente do Profesorado	Dotación PFPP	Colaboración coas Universidades.
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
Programas educativos	Mantemento dos mércores como tarde de xuntanzas		PFPP Outras accións formativas
<i>Liñas de actuación do Obxectivo 10</i>			<i>Recursos</i>



<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Equipo de Biblioteca	Proxecto de Biblioteca Proxecto Lector Proxecto educativo	Dotación do centro específica para a Biblioteca	Oferta de apertura á comunidade en horario non lectivo
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais</i>	<i>Formativos</i>
PLAMBE Contratos Programa	Horarios con redución para o equipo de Biblioteca. Biblioteca dinámica ben dotada Compromiso do Equipo Directivo.	Dotacións económicas específicas por PLAMBE, Club de Lectura...	Formación específica do profesorado
Liñas de actuación do Obxectivo 11			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Equipo Directivo Departamento de Orientación	Programa Ponte de acollida do alumnado de 6º de Primaria		Relación co Concello, institucións da zona e colexios adscritos. Boas comunicacións por estrada.
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais/ Estruturais</i>	<i>Formativos</i>
	Difusión do labor académico	Web do centro. Biblioteca renovada. Taller de soldadura	Equipo docente activo en plans de formación permanente do profesorado (CAFI, CFR)
Liñas de actuación do Obxectivo 12			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Profesorado e alumnado implicados no proxecto	Materiais desenvolvidos para os Roteiros	Partida orzamentaria específica para o desenvolvemento do Proxecto	Listaxe de centros educativos visitantes de marzo a xuño. Colaboración do Concello e a Asociación Xermolos. Colaboración coa veciñanza. Boas comunicacións por estrada.
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais/ Estruturais</i>	<i>Formativos</i>
Contratos Programa: Excelencia	Horarios de alumnado e profesorado Creación de listaxes de visitantes	Autobús – Intendencia para a visita	Colaboración coa Facultade de Formación do Profesorado de Lugo
Liñas de actuación do Obxectivo 13			Recursos
<i>Humanos</i>	<i>Documentais</i>	<i>Económicos</i>	<i>Institucións/Contorna</i>
Claustro, titores, equipo directivo, departamento de orientación	Proxecto Educativo		Colaboracións co Concello, Centro de Día, Centro Médico...
<i>Programas de innovación</i>	<i>Organizativos</i>	<i>Materiais/ Estruturais</i>	<i>Formativos</i>
Participación en Abalar, E-dixgal,	Creación de liñas comunicativas fluídas	Web do centro	

#### 4. AVALIACIÓN DO PROXECTO

Este proxecto de dirección pretende deseñar as accións que se levarán a cabo para a xestión e liderado pedagóxico do IES Poeta Díaz Castro durante os próximos catro anos. Espazo de tempo no que cómpre ir verificando a boa marcha do mesmo e retroalimentar os posibles procesos que precisen unha adaptación, ben ás circunstancias cambiantes, ben ao obxectivo que os marcaba.

Nese sentido, faise preciso un proceso paralelo de seguimento e avaliación que se sirva de indicadores de logro fiables que doten ao equipo directivo da información precisa para a toma de decisións de cara a obter o máximo impacto posible das accións deseñadas nun esquema que recolla:



*Figura 4: Aspectos que debe recoller a nosa avaliación do proxecto.*

Neste sentido, incluímos a *Táboa 3*, na que aparecen os indicadores de logro para cada un dos obxectivos programados no desenvolvemento deste proxecto agrupados en torno a tres áreas: os resultados (rendemento final), as percepcións (grado de satisfacción) e os procesos (desenvolvemento).

Táboa 3:

Indicadores de logro por obxectivo

<b>Indicadores para o Obxectivo 1</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Aprobación da documentación.	Enquisas do uso das linguas (alumnado e profesorado). Análise do grado de cumprimento do Decreto do Plurilingüismo.	Elaboración e difusión dos documentos.
<b>Indicadores para o Obxectivo 2</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Número de incidencias resoltas . Número de melloras por curso. Memoria da coordinación.	Porcentaxe de profesorado participante. Registro de uso dos recursos do centro. Análise do mesmo.	Redución horaria para a atención. Instalación dos equipos previstos. Compromiso anual coa adquisición/reposición de material/recursos.
<b>Indicadores para o Obxectivo 3</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Número de incidencias solventadas . Memoria das iniciativas realizadas.	Enquisas sobre a conflitividade. Enquisa de satisfacción coa resolución de incidencias.	Formación de Delegados/en Mediación. Elaboración de indicadores sobre a satisfacción coa convivencia.
<b>Indicadores para o Obxectivo 4</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Proxectos desenvolvidos por nivel (grado de desenvolvemento, publicación). Plan de Acción tutorial e a súa memoria.	Enquisa de satisfacción entre o alumnado.	Porcentaxe de cualificación a obter coa participación en proxectos consensuado para o nivel educativo. Iniciativas desenvolvidas por tutoría.
<b>Indicadores para o Obxectivo 5</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Número de alumnos con postos de responsabilidade. Memoria das comisións.	Recollida de suxestións, opinións, grado de satisfacción...	Creación e organización de comisións e de iniciativas organizadas.
<b>Indicadores para o Obxectivo 6</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Creación de recunchos de socialización . Creación do patio dinámico.	Recollida de suxestións, opinións, grado de satisfacción...	Redacción do proxecto de participación en Espazos Maker.

<b>Melloras realizadas na Biblioteca.</b>		
<b>Indicadores para o Obxectivo 7</b>		
<b>Os resultados</b>	<b>As percepcións</b>	<b>Os procesos</b>
Produtos publicables e liñas de acción transferibles a outros centros. Memorias de accións levadas a cabo. Exposicións e intercambio de experiencias. Saídas locais/nacionais/internacionais. Resposta da Consellería respecto da concesión do programa de FP para desempregados.	Alumnado e profesorado participante e o seu grado de satisfacción. Grado de participación alumnado/profesorado.	Accións nas que se participa. Aproveitamento da dotación de recursos. Revisión de criterios de selección de destinos para as AA.EE.CC. Establecemento do programa Patios Dinámicos.
<b>Indicadores para o Obxectivo 8</b>		
<b>Os resultados</b>	<b>As percepcións</b>	<b>Os procesos</b>
Memoria de actividades. Publicacións web. Ofertas co-educativas nos tempos académicos e de lecer. Liñas para as familias desenvolvidas Agrupamentos realizados e Alumnado atendido. Número de optativas impartidas/alumnado matriculado. Número de incidencias resoltas. Informes de seguimento ao equipo docente e á xunta avaliadora. Informes de seguimento para titoría departamento de orientación e familias. Horarios de profesorado co grupo.	Análise de sociogramas realizados. Implicación da orientadora nas sesións de titoría.	Equilibrio entre mulleres e homes en cargos do centro. Equilibrio entre mulleres e homes nos grupos de alumnado e os seus representantes. Redacción dos Plans e Proxectos implicados neste obxectivo. Seguimento e actualización das medidas ordinarias e extraordinarias de apoio. Establecemento de proxectos específicos para este alumnado exento da aprendizaxe da 2ª lingua estranxeira.
<b>Indicadores para o Obxectivo 9</b>		
<b>Os resultados</b>	<b>As percepcións</b>	<b>Os procesos</b>
Listaxe de cursos realizados no centro .Demandas de formación atendidas. Memoria. Listaxe de cursos realizados polo profesorado, individualmente.	Enquisas de satisfacción. Informacións publicitadas/difundidas.	Programa de actividades formativas.
<b>Indicadores para o Obxectivo 10</b>		
<b>Os resultados</b>	<b>As percepcións</b>	<b>Os procesos</b>
Memoria de accións. Suxestións dos usuarios atendidas Guías de lectura elaboradas. Instrucións de uso elaboradas (papel e R.A.). Exposicións e intercambios organizados. Nomeamento dun responsable na CCP.	Enquisas de satisfacción. Entradas publicadas no Blog da Biblioteca.	Dotación específica para a Biblioteca . Seguimento do Plan Lector. Redución horaria para Equipo de Biblioteca.
<b>Indicadores para o Obxectivo 11</b>		
<b>Os resultados</b>	<b>As percepcións</b>	<b>Os procesos</b>
Número de actividades compartidas cos centros adscritos e as institucións	Entradas na web.	Acordos levados a cabo co Concello (limpeza

implicadas. Dossier de prensa anual incorporado á memoria anual. Dossier de cursos impartidos polo profesorado en institucións oficiais así como de colaboracións en Asesorías.	Enquisas de satisfacción do alumnado de 6º visitante (Programa Ponte). Publicitar boas prácticas da FPBAS en momentos previos ao período de matriculación.	exterior, uso das instalacións para a vila, actividades extraescolares comúns). Acordos coa Banda Municipal e a Escola de Musica de Guitiriz. Solicitar cada ano a creación dun ciclo inicial de FP.
<b>Indicadores para o Obxectivo 12</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Programacións didácticas que recollen o proxecto dos roteiros. Iniciativas desenvolvidas en colaboración para a difusión do Poeta. Acordos recollidos na Memoria Anual.	Enquisas de satisfacción dos visitantes do roteiro.	Representación en actos relacionados co Poeta.
<b>Indicadores para o Obxectivo 13</b>		
Os resultados	As percepcións	Os procesos
Reunións celebradas .Asistentes. Celebración de actos de difusión para familias.	Feedback das familias do uso de medios tecnolóxicos para os avisos.	Establemento de canles de difusión de novas de interese (web, telecomunicación...).